

la voz de la escuela

www.prensaescuela.es



MARCOS MÍGUEZ

Llega el momento de disfrutar de las merecidas vacaciones también para los profesores, que bien pueden dedicar algún tiempo a reflexionar sobre lo que aprendieron, ellos también, de sus alumnos

¿Qué aprendí yo de mis alumnos?

La Voz de la Escuela insiste, como al final del curso pasado, en cómo los profesores pueden evaluar su trabajo

Es el mismo título que utilizamos el año pasado para presentar el último ejemplar del curso de La Voz de la Escuela. Y en el título y su contenido insistimos doblemente, porque ya son abundantes las pruebas a las que legalmente son sometidos los alumnos para medir sus capacidades de ingreso y desarrollo en diversos centros especializados en su trabajo y profesión de futuro.

¿Pero con quién medimos nuestro aprendizaje como profesores? Sin duda, se dice con cierto humor: cada cual con su propia sombra. Es la respuesta en caliente, que se convierte la mayoría de las veces en autotítulo: ¿qué aprendí yo... de yo mismo?

La solución tal vez esté en los alumnos y puede comprobarse en estos seis campos de entrenamiento que suelen brindarse en las técnicas del *feed-back* de profesores, sobre cuyo tema y título hemos editado un nuevo e-studio de noticias en la web de Prensa-escuela (www.prensaescuela.es).

1. Un debate en grupo de profesores sobre la autonomía de los alumnos.

Foco: ¿en qué debe centrarse la ayuda

que presta el profesor a sus alumnos?

■ En que el alumno sea consciente de su tarea escolar y del producto que tiene que lograr.

■ En que el alumno conozca el proceso de autorregulación personal que lleva consigo el aprendizaje con el fin de que intente conseguirlo y que sepa ponerlo en práctica.

■ En que el alumno reflexione y se haga consciente del sentimiento que ya tiene, o no, de su capacidad de aprendizaje y adónde quiere llegar en su vida.

■ **Debate.** ¿Cómo han logrado mis alumnos y en qué medida cada uno de estos tres puntos clave para el aprendizaje?

2. Objetivo del tema de aprendizaje.

Cada tema tiene un objetivo que el alumno debe conocer con detalle: conocimientos, habilidades, actitudes. Si el alumno no entiende el objetivo, repetirá actividades que no llevan garantía de eficacia para mejorar el aprendizaje. Y no sabrá explicar por qué las hace ni por qué es necesario corregirlas o enfocarlas mejor para conseguir el objetivo.

■ **Debate.** ¿Compruebo en mis alumnos cómo han conseguido explicar los objetivos y qué actividades creen que son las mejores para conseguirlos?

3. Claridad.

El profesor tiene que ser muy claro en sus palabras o actividades sugeridas, de forma que el alumno entienda y sepa explicar qué hace para lograr mejor su aprendizaje. No buscar la repetición, sin más y sin que entienda lo que hace y por qué.

■ **Debate.** ¿Existen y se favorecen en clase las ideas de los alumnos que a veces inventan y nos proponen nuevas formas y recursos para conseguir de una forma más clara y rápida los objetivos y métodos que se proponen?

4. Operatividad.

El profesor indicará y buscará en el alumno acciones, respuestas y comportamientos tangibles, visibles, que manifestará externamente. Ante esos resultados tangibles, comprobados, le ayuda diciendo frases motivadoras: esto va mejor así con esta idea nueva que tuviste, quizá te resultará también fácil y seguro si...

■ **Debate.** Seguimos los pasos y formas que el alumno utiliza, le ayudamos a comprobar si son operativos, le sugerimos que los explique a los demás, facilitamos la inventiva...

5. Aceptación.

El alumno comunica claramente que hace su trabajo por su convencimiento personal y no porque lo dice el profesor o un compañero que le ayuda, sino por su convencimiento.

■ **Debate.** ¿Cómo ayudar a los alumnos a comunicar a los profesores sus ideas y las de los compañeros y que nos expliquen cómo lograron sus resultados?

6. Posibilidad.

El profesor comprueba qué es posible para cada alumno, y anima a comunicar sus dificultades, ayudándoles después, poco a poco, y dividiendo la tarea.

■ **Debate.** ¿Cómo lograr que los alumnos nos expliquen qué ideas y prácticas sugieren para demostrar cómo superan las dificultades y, poco a poco, logran la difícil capacidad de autorregulación en su proceso de aprendizaje: qué hacen, cómo se las arreglan?

> 5

Entrega de los premios de los concursos convocados por Prensa-Escuela durante el curso 2018-2019



> 6

Escolma de libros infantís e xuvenís para o verán



Visita también en verano la web de **PRENSA-ESCUELA** www.prensaescuela.es

Entrevista a cinco profesores:

«Que aprendín eu dos meus alumnos?»

Así, ás toas, preguntamos a cinco profesores que, ademais do seu labor profesional na escola, traballan nestas deliciosas tarefas de Prensa-Escuela cos seus artigos, leccións, enquisas, páxinas enteiras e coordinación gráfica de todo canto aquí aparece. A resposta, naturalmente, tiña que ser breve, aínda que a intensidade de tarefa conxunta profesor-alumno é sempre inenarrable. Buscamos, xa que logo, a impresión, o sentimento,

a interacción de traballar xuntos e lograr obxectivos en común e con perspectivas de futuro: a súa colaboración escrita resulta breve, pero suficientemente indicativa. Ao final de cada intervención, ofrecémoslle un pequeno obsequio-premio; un brinde por unha Noticia do día, xa editada, e que talvez o anime máis aínda na súa liña profesional. Grazas aos cinco!... E felices vacacións 2019! > Jesús Garrido

1. CONTRA A CRISE CLIMÁTICA

«Este curso foron moitos os mozos inspirados polo movemento contra a crise climática impulsado desde Suecia por esa nena chamada Greta Thunberg. As súas reflexións, protestas e propostas chegaron aos centros educativos, rúas e prazas, e medios de comunicación de todo o planeta, así como a millóns de fogares.

»Grazas a eles, a sensatez e a conciencia crece-ron de xeito increíble, por moito que sigan aínda perigosamente ausentes das motivacións de non poucos decisores públicos e privados. E todo iso entre setembro e xuño! Que non lograrán estes mozos de aquí en diante? Esta é a gran lección que aprendín deste curso: o poder da voz común dos adultos de mañá para axudar aos adultos de hoxe a pensar mellor. Todo o apoio ao voso vital empuxe!» (Antonio Sandoval).

■ **Unha Noticia do día... premio para o profesor Antonio**
«Comer peixe é bo para o clima. Alimentarse a base de peixe e marisco é bo para o planeta. É unha das conclusións que a patronal Cepesca extraeu do estudo realizado polo Instituto dos Recursos Mundiais (WRI, polas súas siglas en inglés), que analizou o impacto que terá dar para comer aos case 10.000 millóns de persoas que, calcúlase, haberá no 2050. Manter tal cantidade de almas requirirá aumentar a produción de alimentos un 56 %, con todo o impacto ambiental que iso terá sobre o clima mundial» (29/5/2019).

■ <https://bit.ly/2RaGiSk>

2. O PRESENTE... EN FUNCIÓN DO FUTURO

«Os meus alumnos creo que me ensinaron a valorar o presente en función do futuro. Algunha vez sorprendíame pensando: non podo estragarlles o futuro amargándolles o presente. Miraba aos meus grupos de clase e ocorríaseme que algún daqueles mozos podería chegar a ser un personaxe importante da sociedade. O que lles ensinaba na miña materia tiña unha importancia relativa, podía llo ensinar calquera.

»Todos os profesores somos parecidos. Que máis dá que llo ensine Xoán que Pedro. Pero o recordo que lles quede dos seus anos escolares vano gozar ou padecer durante o resto das súas vidas. Iso me ensinaron eles, a respectalos como persoas a medio facer, pendentes de construírse como personaxes. E algúns hoxe sono. A médica que me atendeu esta mañá no hospital foi hai moitos anos a miña alumna. O enxeñeiro que construíu o máis atrevido porto exterior foi o meu alumno. E ata un xefe de Goberno do meu país tamén o foi (Fernando Pariente)».

■ **Unha Noticia do día... para o profesor Fernando**
«Un bo profesor non termina a lección cando soa a campá. Andria Zafirakou recibiu o Global Teacher Prize polo seu labor como docente nun centro conflitivo da área metropolitana de Londres» (28/5/2019).

■ <https://bit.ly/2KdSpgP>

3. VALORACIÓN DA VIDA DOS ESCRITORES

«Como xa non son un profesor en activo, non podo falar con coñecemento directo das reac-



RAMÓN LEIRO

Hoxe os profesores non falan do que eles ensinan, senón do que lles aprenderon os seus alumnos

cións dos alumnos ante as dúas páxinas que sobre escritores de prestixio universal fun escribindo ao longo do curso. Pero sei por profesores amigos que seguen nas aulas que os alumnos valoraban especialmente a información sobre a vida do escritor e sobre o contexto social e político no que viviron.

»Por iso prestei unha especial atención a este aspecto. E tamén me confirmaron que houbo alumnos que se animaron a ler *Lord Jim*, de Conrad, ou *Oliver Twist*, de Dickens; algúns máis ousados atrevéronse con *As uvas da ira*, de Steinbeck, ou con *O primo Basilio*, de Eça de Queiroz. E unha gran maioría interesáronse por Borges, Galdós, Flaubert e Virginia Woolf. Todo o cal me deixa moi satisfeito» (José A. Ponte Far).

■ **Unha noticia cultural, premio para o profesor José A. Ponte Far**
A restauración do pórtico da Gloria, premio Europa Nostra de patrimonio.

O proxecto foi un dos distinguidos na categoría de conservación (22/5/2019):

■ <https://bit.ly/2wPQ96X>

4. A SÚA FRESCURA, A SÚA VITALIDADE, A SÚA ESPONTANEIDADE E ALEGÍA

«Dos meus alumnos e alumnas sempre aprendo moitas cousas, pero sobre todo déixome contaxiar pola súa frescura, a súa vitalidade, a súa espontaneidade e a súa alegría de vivir. Refrómome a ese tipo de sensacións, tan necesarias para afrontar retos e incertezas, que os adultos tendemos a esquecer. Considérome por iso unha persoa afortunada: por poder compartir o meu día a día con eles, curso tras curso» (Ana T. Jack).

■ **Unha noticia sobre educación, premio para Ana T. Jack**

«A receita da OMS para criar nenos sans: xogar, durmir e esquecerse das pantallas. Nin televisión, nin vídeos, nin xogos no móbil para menores de 2 anos e un máximo dunha hora a partir desa idade. Os nenos teñen que xogar. É o principal consello da Organización Mundial da Saúde. Por primeira vez, a OMS publicou unha guía de recomendacións para pequenos de 0 a 5 anos: «Directrices sobre actividade física» (26/4/2019).

■ <https://bit.ly/2WA2BSK>

5. ESIXENCIA, MAN ESQUERDA E IMAXINACIÓN

«O primeiro que aprendín dos meus alumnos é que o de ensinar é unha profesión apaixonante, pero difícil. Porque para explicar ben algo hai que coñecelo e entendelo. Isto esixe preparación, remota e inmediata, pero tamén honestidade ante os propios límites. Se non, o profesor sairá das lameiras con dúbidas, con presión, con autoritarismo ou estreitando horizontes. O segundo que aprendín é que o que máis me gusta a min explicar é o que a eles lles resulta máis difícil, precisamente. Se non conseguimos guíalos ata o camiño e mostrarlles o seu atractivo non vas lograr nunca que aprendan ben. Forzar non conduce a nada (máis que á rebeldía), hai que acompañar. E para isto fai falta unha mestura de esixencia, man esquerda e imaxinación para atraer: sempre atraer, nunca empuxar» (Carlos Ocampo).

■ **O premio: a composición estrutural desta páxina 2, de todas as semanas. Tamén os que escribimos participamos do teu bo traballo todos os días. E felices vacacións a todos!**

¡Hola, verano!

Dos meses largos por delante para desconectar de la rutina escolar

I Cómo lidiar con los deberes sin caer en la desesperación, claves para mejorar el rendimiento en los exámenes, estrategias para educar con límites, cómo enfrentarse con serenidad a un divorcio o claves para comprender la aportación de la neurociencia al ámbito educativo son solo algunos ejemplos de los muchos asuntos tratados este curso desde esta sección. Han sido en total nueve temas del mes desarrollados a través de 32 artículos, uno por semana, dirigidos a padres y educadores en general.

En concreto, el objetivo de esta Escuela de Familias sigue siendo el mismo con el que nació hace ya nueve años: ofrecer orientaciones generales y pautas de actuación sobre temas relacionados con la educación de nuestros hijos de la forma más práctica y amena posible. En todos los artículos se ha incluido un apartado con pautas y propuestas de actuación, además de un cuadro resumen con datos básicos que facilitan el seguimiento del eje temático: tema del mes, etapa educativa, frases o datos significativos, comportamientos a evitar y algunas claves a tener en cuenta. También se ha incluido bibliografía y páginas web útiles para todas aquellas personas interesadas en ampliar información.

Como siempre, os invitamos a enviar ideas, propuestas y sugerencias para próximas ediciones. Y ahora, toca cambiar de chip, que falta nos hace... ¡Feliz verano!

OCTUBRE

■ **Tema del mes:** la adaptación a las diferentes etapas educativas.

■ **¡Ya voy al cole!** La actitud positiva de las familias favorece la adaptación escolar en infantil.

■ **En el cole de los mayores.** Claves para facilitar la transición entre educación infantil y primaria.

■ **Los pequeños del instituto.** Estrenarse en la ESO exige un esfuerzo de adaptación a nivel académico y social.

■ **Obsesión por las notas medias.** Los dos años de bachillerato están enfocados en gran medida a superar la selectividad.

■ **¿Quién dijo miedo?** Vivir con angustia ciertos temores cotidianos dificulta la adaptación personal y social.

NOVIEMBRE

■ **Tema del mes:** claves para empezar bien el curso

■ **Agendas sobrecargadas.** Un exceso

de actividades extraescolares perjudica el rendimiento escolar, la capacidad de atención y el bienestar emocional.

■ **¡El recreo es sagrado!** Los descansos entre sesiones lectivas aumentan el rendimiento escolar y la capacidad de atención.

■ **Angustiadados por los deberes.** Los estudiantes españoles son de los que más horas dedican a las tareas escolares.

■ **¿Qué es lo que les quita el sueño?** Las actividades extraescolares, los deberes y, sobre todo, las pantallas.

DICIEMBRE

■ **Tema del mes:** educar sin sobreproteger

■ **¡Educamos o sobreprotegemos?** Encerrar a los hijos en burbujas de cristal les impide crecer en madurez y autonomía.

■ **Esos niños a los que nunca nadie les dice no.** La llamada generación blandita se caracteriza por tener baja tolerancia a la frustración.

■ **Su majestad, el rey de la casa.** En el caso de familias con hijos únicos es más fácil caer en la sobreprotección.

ENERO

■ **Tema del mes:** propósitos para el 2019

■ **Comer bien para sentirse mejor.** Un primer deseo para 2019: mejorar la alimentación de nuestros hijos.

■ **Una segunda oportunidad.** Cómo superar los suspensos de la primera evaluación.

■ **¿Cuánto tiempo les dedicas a tus hijos?** Al 69 % de los menores les gustaría ver más a sus padres.

■ **¡Me estás estresando!** Algunas claves para evitar un nivel elevado de ansiedad en el día a día.



Cómo descargar los artículos de la web Prensa-Escuela

I Hay que ir a la página www.prensaescuela.es y entrar en la Hemeroteca dentro del apartado Suplementos. Allí aparecen los de este año 2019. Los artículos están en PDF, por lo que se pueden leer, guardar o imprimir con facilidad.

Otra opción es entrar directamente en el buscador de La Voz de Galicia <https://www.lavozdeg Galicia.es/busca-dor/> y poner palabras clave del tema sobre el que se desea encontrar la información.

Por otro lado, dentro del apartado Recursos (<https://www.prensaescuela.es/recursos/>), se puede descargar la «Guía de orientación educativa. Cien claves para padres y profesores», que recoge una selección de artículos publicados en esta misma sección.

FEBRERO

■ **Tema del mes:** separaciones y divorcios.

■ **Papá y mamá se separan.** Decálogo para llevar el divorcio con sentido común.

■ **Tenemos que hablar.** Pautas para comunicar a los hijos la separación o divorcio de la pareja.

■ **Los miedos ante una separación.** Posibles reacciones por tramos de edad y claves para ayudar a los menores.

■ **¡Tú no eres mi padre!** Claves para facilitar el proceso de adaptación de los hijos a la nueva pareja.

MARZO

■ **Temas del mes:** disciplina positiva.

■ **Firmeza y cariño a partes iguales.** Decálogo para conseguir una paternidad positiva.

■ **Mamá, papá: ¡necesito límites!** Los hijos necesitan guiarse por unas normas básicas para crecer con seguridad.

ABRIL

■ **Tema del mes:** la neuroeducación.

■ **¿Qué es la neuroeducación?** Diez claves para comprender la aportación de la neurociencia al ámbito educativo.

■ **¡Es listo como un ajo!** La estimulación educativa es fundamental para desarrollar el potencial genético.

■ **Creencias sin base científica.** Los neuromitos llevan a interpretaciones erróneas y falsas expectativas.

MAYO

■ **Tema del mes:** exámenes finales.

■ **La gran remontada.** Estrategias para enfrentarse con éxito al fin de curso.

■ **En busca de la respuesta correcta.** Algunos trucos para obtener un buen resultado en los exámenes tipo test.

■ **¿Qué hacer antes, durante y después de un examen.** Decálogo básico para triunfar en las pruebas finales.

■ **Necesidades educativas y exámenes.** Pequeñas adaptaciones en las pruebas escritas favorecen el rendimiento de todo el alumnado.

JUNIO

■ **Tema del mes:** y en verano, ¿qué?

■ **¡Viaje a la vista!** El verano es un momento ideal para cambiar de aires y conocer mundo.

■ **¡No quiero repetir!** Ventajas e inconvenientes de permanecer un año más en el mismo curso.

> **Ana T. Jack**

anatjack@edu.xunta.es

Una educación de calidad empieza con una buena información.

Suscríbete ya a la newsletter de educación
www.lavoz.es/newsletter

Reportajes exclusivos
 Entrevistas
 Informes nacionales e internacionales
 Actualidad educativa
 DOG, BOE y avisos

Todo está cambiando

Noticias para pensar (e actuar) en verán

Para facer pequenos xestos que, se coidásemos, farían do noso un planeta máis habitable para todos



No mundo desenvolvido sobra comida. En realidade, sobra de todo. Outra cousa é que estea ben repartido. Mentres en gran parte do planeta a fame é un indesexable mal diario, en España tírase a comida. E que se tira? Pois pan, verduras e froita, segundo o Observatorio Nestlé sobre Hábitos Nutricionais e Estilos de Vida das Familias. E canto? Ata o 20 % deses produtos.

■ **Actividade para o verán: comprar menos e reciclar o que sobra parece unha boa alternativa.**

E FALANDO DE COMIDA

Despois da Segunda Guerra Mundial os europeos morrían de fame. A Unión Europea (que antes tivo outros nomes) desenvolveu a expansión da gandería ás alancadas, a través da PAC, a Política Agraria Común. A situación cambiou por completo e hoxe a gandería ecolóxica se abre paso, facilitando non só unha alimentación máis sa, senón tamén labores no mundo rural moito máis respectuosas co medio ambiente.

■ **Actividade para o verán: comer máis produtos ecolóxicos e respectar o medio ambiente.**

COIDADADO COA LUZ

O ser humano é diúrno. Pola noite dorme e, cada vez máis no mundo desenvolvido, divírtese os fins de semana. Pero tanta luz fóra da que dá gratis e permanentemente o sol non é boa... para os anfibios. Asegúranos un estudo da universidade neioirquina de Binghamton. Que descubriron? En palabras da directora do proxecto, Jessica Hua, canta máis luz menos cágados eclosionan e viven.

■ **Actividade para o verán: identifica na túa contorna onde hai anfibios, mira como**



JOSÉ PARDO

Algo tan sinxelo como botar os envases de plástico nos contedores amarelos pode ser vital para a preservación do medio ambiente

se comportan, comproba como son distintos os cágados e os adultos e, sobre todo, non os ilumines cunha lanterna.

DEMASIADO PLÁSTICO

Erro: os océanos non poden con todo. E desde logo non poden cos 12 millóns de toneladas de plásticos que cada ano acaban nas súas profundidades. Nos primeiros días deste mes desenvolveuse a iniciativa Zero Waste España, bo momento para tomar conciencia de que se sobreempaqueta en plástico

produtos que podían pórse á venda sen tanto envoltorio innecesario.

■ **Actividade para o verán: non se trata de non tocar o plástico, senón de evitalo nas compras cando sexa posible e, desde logo, de reciclalo unha vez que non é útil na casa.**

O LEOPARDO DAS NEVES

E unha noticia optimista aínda que veña de miles de quilómetros de distancia: pechouse unha gran alianza internacional para evitar a desaparición

por completo dun animal do que quedan non máis de 5.000 exemplares en todo o planeta: o leopardo das neves. E resulta moi difícil velo: vive incluso a máis de 6.000 metros de altura e polo xeral rodeado de... neve.

■ **Actividade para o verán: vai visitar un parque natural galego, e se che dá por arrincar unha planta, lémbrete do leopardo das neves e non o fagas. Porque ata a máis pequena é necesaria no planeta.**

> **Cristóbal Ramírez**

Así informaba La Voz de Galicia hai un cuarto de século

A preocupación polo medio ambiente é unha constante neste xornal desde moito antes de que houbese a conciencia ecolóxica que, por sorte, se estendeu pola comunidade, e máis que o fará aínda. Así, protestas como unha histórica cunha papeleira que se quería instalar en Ponteceso e arruinaría Negrreira e o val de Barcala (que, metaforicamente falando, alzouse en armas en pleno franquismo), outra gran protesta ante o insólito proxecto de instalar unha central nuclear de Xove e, por suposto, o Prestige foron fitos do xornalismo galego a través das páxinas deste xornal, que en ocasións soportou fortes presións das autoridades de quenda, incluídas as da etapa democrática que vive España desde 1977.

O almanaque marcaba o 20 de novembro de 1995 cando este xornal

publicaba unha ampla información baixo o título «España xera ao ano máis de 14 millóns de toneladas de residuos urbanos». Deles, o 42,6% eran vidro, e o 27,3 %, materia orgánica, seguida polo papel (13,1 %) e o plástico (6,5 %). A cuarta parte de todo iso ía a vertedoiros incontrolados. Dous anos máis tarde, a Comisión Europea daba un tirón de orellas e identificaba dez agresións españolas ao medio natural. Ningunha en Galicia, por sorte. Unha pregunta aos alumnos: credes que hai algún espazo na comunidade que teña sufrido algunha agresión e estea contaminado?

O 10 de febreiro de 1998 este xornal publicaba unha páxina enteira baixo o título «O país dos 3.000 vertedoiros». E quedaba curto: había moitos máis, porque a Xunta calculaba, desde logo con mesquindade, que en

cada un dos entón 315 municipios galegos había uns dez vertedoiros, por suposto todos eles ilegais. Séguenos habendo? O que hai que ter claro é que non é a Xunta, nin o presidente da deputación correspondente, nin o alcalde quen tira as cousas polo monte adrede. É o veciño. Ou sexa, calquera dos habitantes de Galicia pode crear un vertedoiro. De maneira que se impón reciclar ao máximo e non tirar nada fóra dos colectores. E máis preguntas: faise así no teu colexio?, e na túa rúa?, e na túa aldea? Por que é importante que non haxa vertedoiros?

Ese mesmo día La Voz de Galicia publicaba máis informacións sobre o tema, e dicía que «o 90 % dos residuos xerados» non pasaban por ningún tratamento. Hai que seguir preguntando: Pasa hoxe en día? Hai plantas de incineración? Recíclase?



Los premios a los mejores periodistas

El Museo de La Voz acoge el acto de entrega de galardones de la 16.ª edición del concurso Mejor Periodista Infantil y Juvenil

La 16.ª edición del concurso Mejor Periodista Infantil y Juvenil es el orgullo de un programa educativo, Prensa-Escuela, que llega a 23.660 alumnos de 2.366 aulas de toda Galicia, e involucra a 1.300 profesores.

El ganador de la categoría infantil nivel A es Leo Ferro Díaz, del CEIP Barrié de la Maza de Sada (su profesora, Lucía Palomares Carreira, no pudo acudir); fue segunda Sofía Carreiras da Costa, del CEIP de Foz Número 1, pero ni ella ni su profesora M.ª Lourdes Rego González pudieron acudir al acto; y tercera, Mencia Diéguez Folla, del Pablo VI-Fátima de A Rúa, a quien acompañó su profesora Clara Lozano Díaz. En la misma categoría, nivel B, la ganadora fue Magalí Delgado Díaz, del colegio Wenceslao Fernández-Flórez (su profesora, Silvia Rodríguez Vázquez, no pudo asistir); María Parente Turnes, del CEIP Barrié de la Maza de Santa Comba, fue segunda, y la acompañó su profesora M.ª Dolores Pérez Cancela; y el tercer premio correspondió a Mariana Caracas Zorrilla, del CEIP Juana de Vega, acompañada por su profesora M.ª de la Luz Martínez Rico.

En la categoría juvenil, modalidad entrevista, el primer premio se fue al colegio Salvador Moreno, a Pontevedra, para la alumna Iria López Gestal y su profesora Eusebia Pintos Loira; Nerea Mera Castro, del IES Lamas de Abade, de Santiago, fue segunda, con su profesora Maricarme García Ares; y tercero, Alonso Fernández López, del colegio plurilingüe Divina Pastora, de Ourense, y su profesor Gonzalo Sánchez Busóns. En la modalidad opinión ganó Ana Covadonga Rodríguez Marqués, del IES Ribadeo Dionisio Gamallo (su profesor: José Manuel Yáñez Dablanca); segunda fue Alba Franco Hernández, del colegio La Salle (profesor: Xoán Luís Rilo); y tercera, María José León Fernández-Reyes, del IES As Lagoas, de Ourense, y su profesora Remedios Alonso Iglesias (ambas ausentes por los exámenes finales).



FOTOS: CÉSAR QUIAN

Entregaron los premios de la categoría infantil Sonia Delpont, de Viaqua, y Sara Carreira, redactora de Educación de La Voz de Galicia



Carmen Pomar Tojo, conselleira de Educación, y Xosé Luís Vilela Conde, director de La Voz de Galicia, entregaron los premios de categoría juvenil



Los premios fueron entregados por Julio Masid, consejero delegado de Viaqua, y Lois Blanco, director general de la Corporación Voz de Galicia

Los raperos también reciben su merecido

El concurso Galicia, auga, literatura & rap, que organiza Prensa-Escuela con la colaboración de Viaqua, también vivió el pasado viernes su gran fiesta de entrega de premios. En la imagen, la ganadora de la categoría infantil, Adriana Piñeiro Varela, del colegio Franciscanas Divina Pastora de Ourense, y su profesor, Elías Piñeiro Vila; los segundos: Claudia Arias García, Noa López Tallón, Celia Soto Abella y Alejandra Vázquez Fernández del colegio Nosa Señora da Asunción, de Sarria; los ganadores de la categoría juvenil: Carlota Codesido Bernárdez, Óscar Otero Pérez, Pedro Rodríguez Veli-la y Zayda Rozados Romero con su profesor Luis Miguel Crespo Caride, del colegio plurilingüe María Inmaculada, de Silleda; y los segundos: Diego Barreira Sobrado, Mario González García, Javier López del Río y Ángel Yáñez Santana, del IES Ribadeo Dionisio Gamallo. Cristina Paderne Roca, Hugo Sanmartín Rodríguez, Marta Elisa Sanmartín Campello e Isabela Vélez Gallego, del IES Poeta Díaz Castro, de Guitiriz, fueron los más votados en Facebook. Y el premio al esfuerzo fue para Rodri Pumares Guerrero, de este mismo instituto.

Para exercitar a mente no verán

FF Chega o verán, chegan as vacacións. Chega o tempo de lecer. E chega o tempo de ler. Para moitos, chegou o momento de facer tantas cousas que non se fan en todo o ano, como ir á praia ou á piscina e nadar, andar en bicicleta no lugar de veraneo ou practicar eses xogos para os que os estudos non deixan lugar. É un tempo no que hai tanto tempo que ben se pode seguir a


evidente invitación que se tira deste pensamento do ensaísta inglés Joseph Addison: «A lectura é á mente o que o exercicio ao corpo». Porque o verán tamén é tempo de facer as cousas devagar. De coller un libro e lelo sen prisa, saboreándoo. E para comezar, aquí tes algunhas suxestións.

> **Juan José Lage, Olalla Sánchez**

QUERO PEIXE!

Áslaug Jónsdóttir. Alvarellos Editora, 2019
Este conto islandés, centrado nunha nena que ten moi claro o que quere e nos seus pais, que despois de moitas voltas e reviravoltas ao fin a comprenden, revela, dun xeito divertido, a incapacidade que amosan ás veces os adultos para escoitar aos máis pequenos. As vivas ilustracións reforzan a emoción da protagonista da historia, creada para interactuar cos máis novos.

■ **Prefectores (a partir de 3 anos)**




ANIMALIA (2. BRANCO)

Xosé Tomás. Xerais, 2019

Segunda entrega dun orixinal, divertido e instructivo proxecto de banda deseñada co que o autor logra que os menores se acheguen á forma de relacionarse con eles ou sobre a propia humanidade como especie. Unha lectura irónica na que cada páxina se presenta como un relato autoconclusivo.

■ **Dende 6 anos (coa axuda dun adulto)**



COMO SI FUESE PAPÁ

Daniel Nesquens. SM, 2019

Ilustracións de Ayesha L. Rubio

El padre de Mateo, de 7 años, está enfermo y no puede acudir al trabajo. Mateo se pone su corbata, coge su cartera y se presenta en la oficina. Es bien acogido y se desenvuelve perfectamente. Lo recoge el director del colegio e incluso tiene un diez en el examen de Matemáticas. Historia creativa, narrada con chispa, mucho ingenio y siempre tono amable y cordial, medio en serio y medio en broma, en el límite de lo irreal. Seguro que los lectores se sentirán cómodos poniéndose en el papel del protagonista.

■ **A partir de 7 años**



VIAXEIROS

Xulio Gutiérrez. Kalan-draka
Ilustracións de Nicolás Fernández

O sexto título da serie *Animais extraordinarios*, un proxecto de gran formato nado e feito en Galicia, volve a seducir tanto polo seu contido rigoroso e comprensible para todas as idades como polas súas espectaculares ilustracións naturalistas. O completo libro amosa con gran realismo a experiencia migratoria dunha ducia de especies, dende a carreira temeraria do lemming ata a parsimonia da tartaruga boba. Unha invitación científica de impecable acabado que permite aos lectores acompañar a estes animais nas súas longas e arriscadas viaxes.

■ **A partir de 7 anos**



NON TRABES NA LINGUA

Antón Cortizas. Galaxia, 2019

O autor, un dos galegos máis destacados na arte de xuntar letras, xogar coas palabras e afondar nas posibilidades expresivas do idioma, asina este atractivo volume sobre trabalinguas que incorpora tanto algúns do autor coma outros recollidos en distintos concellos ou argallados polo alumnado de quinto de primaria do CEIP Unión Mugar desa a partir de rimas da zona. Un título de espírito lúdico («Se a costa encosta che costa, encosta as costas na costa») que, con páxinas en branco, convida aos nenos a compoñer novos textos mentres lembra a importancia de manter vivo o idioma.

■ **A partir de 8 anos**



EL LOBO CON BOTAS

El Hematocrítico. Anaya, 2018

Lobo Feroz le regala a su sobrina, fan de Gato con Botas, unas viejas botas del abuelo que tienen un gran éxito: incluso Caperucita quiere unas. A partir de aquí se hace rico vendiendo objetos relacionados con el Gato, pero desde entonces los niños están obsesionados con las compras, por lo que Lobo Feroz decide invertir en reconstruir el bosque que un gigante había destruido. Con un lenguaje ameno e ilustraciones en color de Alberto Vázquez adaptadas al humor del texto, el consumismo es referente central —«convertir



a los niños en máquinas de comprar cosas»— y están presentes asimismo la solidaridad y la protección de la naturaleza.

■ **A partir de 8-9 anos**

NOVO MUNDO. ISABEL ZENDAL NA EXPEDICIÓN DA VACINA

El Primo Ramón (Borja López Coteló & María Olmo Béjar). Bululú, 2018

Esta evocadora obra lembra, dende o punto de vista do seu fillo, a historia da galega Isabel Zendal, a enfermeira da expedición que portou a vacina da varíola ás Américas. O entretido relato, asinado polo tándem artístico de dous arquitectos coruñeses, realízase con coidadas ilustracións que permiten aos pequenos lectores bosquejar como era a cidade herculina a comezos do século XIX.

■ **A partir de 10 anos**



PABLO Y LAS PALOMAS

Marcos Calveiro. Edelvives, 2019

Biografía novelada o andanzas de Picasso con sus amigos por A Coruña, ciudad en la que se instaló en 1891, con 10 años (curioso, travieso, perseverante) tras obtener su padre una plaza como profesor en la Escuela de Bellas Artes, a la que asiste por las tardes y es el benjamín de los alumnos. Fallece su hermana menor de tosferina y a los 13 años hace su primera exposición en una tienda de la calle Real. Los capítulos 1, 6 y 11 son los recuerdos de su infancia ya con 90 años.

Ilustraciones en blanco y negro de María Pascual, apoyando gráficamente algunas secuencias de la historia.


■ **A partir de 12 anos**



CUANDO HITLER ROBÓ EL CONEJO ROSA

Judith Kerr. Loqualeo, 2016

Novela semiautobiográfica de la escritora e ilustradora de origen judío (Berlín, 1923-Londres, 2019), hija del poeta y crítico Alfred Kerr y exiliada a Inglaterra tras la subida al poder de Hitler. La familia de Anne huye de Alemania en 1933, cuando ella tiene 9 años y su hermano 12, ante la proximidad de las elecciones que gana el partido nazi, y su conejo de peluche se pierde en Berlín. Es una historia entretenida, con anécdotas curiosas y significativas, contada con ternura, que retrata la psicología de una niña obligada a enfrentarse a



un mundo hostil y desconocido. Diálogos muy naturales. Tiene una segunda parte: *En la batalla de Inglaterra*.

La traducción es de María Luisa Balseiro. Está ilustrado por

Adolfo Serra.

■ **A partir de 12 anos**

UN MONSTRUO VIENE A VERME

Patrick Ness. Nube de Tinta, 2016

Conor tiene 13 años y vive con su madre, enferma de cáncer terminal, y su abuela. Padece acoso de sus compañeros. Su abuela es una persona distante y con su padre no se relaciona. Un tejo (árbol de los dioses y la muerte) transformado en monstruo se le presenta todas las noches y le dice que le contará tres historias y él le contará la cuarta. Las historias del monstruo tienen relación con las contradicciones humanas. En la tercera, la más real, con la ayuda del monstruo se defiende de su acosador. En la cuarta no es capaz de sujetar a su madre, que cae por un precipicio. «¿Cómo luchar contra tus contradicciones internas?»: asumiendo la verdad, le dice el monstruo.

El tema es el tránsito de la infancia a la madurez. Basada en una idea de Siobhan Dowd, que no pudo finalizarla tras fallecer de cáncer, el prólogo es de J. A. Bayona y la traducción de Carlos Jiménez Arribas. Fue adaptada al cine con el mismo título.

■ **A partir de 12-13 anos**



APLICACIÓN INSTANTÁNEA

Carlos Negro. Xerais, 2018

Estaba chamado a marcar un antes e un despois na literatura para mozos, e conseguíuno. Este libro, arriscado pero moi exitoso, logrou este ano que moitos adolescentes se entregasen con entusiasmo á poesía ao verse representados nas voces protagonistas, eses catro avatares irreverentes que, en verso, e tras unha presentación *instagrammeira*, abordan con naturalidade temas como a lingua, os medos da idade ou a violencia contra a muller. Un volume de alta calidade poética vencedor do Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil 2018.

■ **Dende 14-15 anos**



Internet contra o firmamento

Decenas de miles de satélites Starlink, que pretenden levar Internet aos lugares máis remotos da Terra, dificultarán a observación do universo tal como agora o vemos


Se hai algo seguro é que todos os avances tecnolóxicos poden ter efectos secundarios negativos. Por exemplo, Internet mellorou moito as nosas vidas, pero os seus beneficios chégannos ao prezo da perda da intimidade, a aparición de novas formas de crime, o auxe da manipulación social e política a gran escala ou o incremento da ansiedade derivada de permanecer sempre conectados aos nosos problemas. A finais de maio a posta en órbita dos primeiros 60 satélites da nova rede Starlink, que pretende levar Internet aos lugares máis recónditos do planeta, engadiu unha nova contraindicación á lista.

Como se pode ver na fotografía, tomada desde o observatorio Lowell, en Arizona (Estados Unidos), o cúmulo de galaxias coñecido como NGC 5353 aparece como dentro dunha gaiola tras o rastro brillante duns vinte e cinco destes satélites. Como orbitan a varios centos de quilómetros de altura, a luz do sol alcánzaos cando en terra reina a escuridade, e por ese motivo aparecen como puntos tan brillantes como a estrela polar que percorren o ceo durante as primeiras e últimas horas da noite. Nunha exposición fotográfica prolongada, como as que fan habitualmente os astrónomos, estes puntos brillantes aparecen como liñas que seguen a súa traxectoria.

COMPETENCIA POLAS BANDAS

Actualmente temos uns 2.000 satélites artificiais en órbita, dos que só unha pequena parte están o suficientemente preto ou son o suficientemente brillantes como para apreciarse á primeira ollada ou para dificultar a observación astronómica. O problema é que a rede Starlink contará en poucos anos con case 12.000 satélites e xa hai outras empresas que están a desenvolver constelacións similares. Se non cambian as cousas, en moi pouco tempo teremos decenas de miles de puntos brillantes atravesando o ceo durante boa parte da noite, alterando para sempre o aspecto dunha das paisaxes máis singulares e de maior importancia cultural que ofrece o noso planeta.

Por outra banda, desde hai décadas os científicos traballan en que a pro-



VICTORIA GIRGIS / LOWELL OBSERVATORY

Imaxe da galaxia NGC 5353 tomada o 25 de maio do 2019. As liñas diagonais son rastros de luz reflectida polos satélites Starlink

gresiva comercialización de porcións cada vez máis amplas do espectro electromagnético para emisións de radio, televisión, telefonía e transmisión de datos sexa compatible coa investigación científica. Por exemplo, os satélites que nos permiten predicir o tempo dependen de que algunhas

bandas de radio, como aquelas nas que se rexistran o vapor de auga na atmosfera, a choiva ou a temperatura, estean libres de interferencias. O mesmo ocorre con radiotelescopios como os que recentemente permitiron fotografar por primeira vez un buraco negro ou os que nos mostran a

formación de novos planetas ao redor doutras estrelas. Uns e outros están ameazados polo despregamento de novas redes de comunicacións, como as de telefonía 5G ou as de satélites para a conexión global a Internet.

> Marcos Pérez

Lixo espacial

O despregamento dunha cantidade tan grande de satélites supón saturar órbitas que dentro duns anos poderían ocuparse con satélites máis avanzados ou con fins máis interesantes para o conxunto da humanidade. A vida útil de cada unidade Starlink é de só uns poucos anos, transcorridos os cales converteranse en lixo espacial que poderá pór en risco o resto das actividades humanas

no espazo. Os científicos queixáronse de que, aínda que Starlink conta coa autorización dos organismos que regulan as comunicacións, a empresa que os lanza non proporcionou información detallada que permita avaliar todos estes riscos. E o que é máis grave: queixáanse de que unha iniciativa que pode ter consecuencias tan graves púxose en marcha de forma unilateral e sen un debate previo.



actividades

Mentres o ceo sexa o ceo

A mellor forma de protexer o ceo estrelado é coñecelo. Hoxe é máis fácil que nunca aprender a recoñecer estrelas e constelacións grazas ás aplicacións para móbil e programas como «Stellarium», que nos permiten recrear o ceo de calquera lugar do planeta en calquera época do ano. Abre nun navegador a versión web deste programa (<https://stellarium-web.org/>) e selecciona a localización automática para que mostre o firmamento do lugar onde te atopas.

■ Que planetas se poden ver á pri-

meira hora da noite?

■ Cales son as estrelas máis brillantes nese momento?
■ Que satélites (marcados en verde) que pasan sobre a túa cabeza podes observar?
■ Con toda esta información planifica unha observación astronómica nun lugar escuro, a uns cantos quilómetros da vila ou a cidade máis próximas, e pon a proba a túa memoria.

Proles e contras

Este artigo comeza cunha relación de efectos perversos relacionados

con Internet. Organizádevos por grupos e escollede en cada un unha tecnoloxía que teña cambiado notablemente a forma en que vivimos. Facede dúas listas: unha coas súas vantaxes e outra cos seus inconvenientes.

■ Hai algunha tecnoloxía que, vista con perspectiva, talvez fose mellor non desenvolver?
■ Poderíase ter feito algo para limitar os seus prexuízos?
■ Teñen algún trazo común estas tecnoloxías escuras que nos axude a identificar outras similares no futuro?

En tiempo de despedidas

Nos vamos, y siempre que nos despedimos lo hacemos sabiendo que comienza una ausencia, que muchas veces resulta dolorosa. Este fin de curso da paso a un tiempo

donde dejaremos de ver a personas que nos acompañaron y motivaron en los últimos meses. Con ellas hemos convivido, sufrido y disfrutado. Las queremos. En muchos casos (salvo que se trate de fin de un ciclo) pensamos que esa ausencia será temporal y creemos que pasado el verano volveremos a encontrarnos, felizmente. Como apunta Dickens en su cita, la esperanza del reencuentro alivia muchas veces el amargor que tiene toda despedida. Es la ventaja de las ausencias que se saben de ida y vuelta, aquellas que han comenzado tras unas palabras que en ocasiones pueden concretar el tiempo estimado del reencuentro —como un «hasta pronto», «hasta luego» y similares— o dejarlo más o menos indefinido, como en «hasta la vista». Pero queda claro que esa despedida no es para siempre.

Un mayor dolor viene asociado a la incertidumbre del regreso, al incómodo e inevitable pensamiento de que quizás quienes se han ido no volverán. Es el temor que acompaña a las despedidas de soldados que van a un frente o incluso a la partida de emigrantes, sobre todo aquellos que al marchar llevaban consigo todas sus pertenencias. Eran (todavía hay algunas) aquellas despedidas de estación o de puerto, intensas en abrazos, besos y también en lágrimas, donde el gesto de agitar del pañuelo que sacaste para enjugarlas servía luego para que pudieran seguir localizándose al aumentar la distancia de quien se iba. En nuestro cuadro de hoy sirve para representar la despedida. El pañuelo se utilizaba en otros tiempos como recurso personal del lenguaje, pues permitía enviar mensajes con discreción y era rico en simbolismos, sobre todo para iniciar una relación. De modo colectivo se usa todavía en actos públicos: el agitar de pañuelos adquiere significados con-

cretos, como en los espectáculos taurinos, que suele manifestar satisfacción, o en las gradas del campo de fútbol, donde una pañolada implica reprochación. Pero mover el pañuelo con el brazo en alto a título individual era y es un gesto propio y casi exclusivo del adiós.


Además de los gestos existen otros instrumentos o herramientas de la comunicación asociados a las despedidas: abundan canciones y poemas. Unas y otros se hilvanan con palabras que expresan generalmente sentimientos de tristeza y de buenos deseos. La síntesis que hemos heredado de antiguo es la palabra *adiós*, tan emblemática que se ha convertido en un sinónimo de despedida. Etimológicamente es una contracción, que puede venir de un «a Dios te encomiendo» o de quede (o vaya) usted «a la buena de Dios», que derivó en «a la de Dios». El mismo origen tienen el francés *adieu*, el italiano *addio*, el portugués *adeus* y el *good bye* inglés, que proviene de la expresión medieval «God be with ye» (Dios le acompañe) a través de un intermedio *God bwy*. Pues quede dicho.



«La despedida». Eugene de Blaas (1843-1932). Colección particular

P. S. Hay muchas otras despedidas. Antiguamente (cuando había bodas porque la gente joven contraía matrimonio) se celebraban despedidas de soltero y de soltera; por separado, claro está. En ellas los amigos de él y las amigas de ella, respectivamente, se encargaban de recordar a los todavía novios las ausencias y privaciones que les reportaría su nuevo estado. Eran despedidas festivas. Hoy también las hacemos para un compañero que se jubila, que son las más alegres, pues abren la puerta a un estado jubiloso.

> Moncho Núñez Centella



actividades

1 La más dolorosa de las despedidas es la que va asociada a una defunción, aquella que Machado refería como la salida de «la nave que nunca ha de tornar». Un sano ejercicio de filosofía es pensar en la propia muerte. Escribe tu propio epitafio, en forma de despedida, a todas aquellas personas que crees contemplarán tu tumba.

2 La palabra «despedida» está etimológicamente asociada al latín «petere», que significa 'impulsar' o 'empujar', de donde viene que designe un acto para dejar marchar. Busca otras palabras, como «ímpetu», «petición» o «repetir», que estén relacionadas y explica su significado.

3 Existen muchas canciones que hablan de despedida. ¿Cuáles son tus preferidas en esta relación?: <https://listas.20minutos.es/lista/canciones-de-despedida-379144/>

4 Lee el poema de Rosalía de Castro que comienza con el verso «Adiós ríos, adiós fontes». ¿De cuántas cosas se despidió Rosalía? ¿Por qué tiene que despedirse?

5 Hay unas cuantas despedidas famosas en el cine. Por ejemplo, en «El club de los poetas muertos», «Pocahontas», «El color púrpura», «Cinema Paradiso», «La lista de Schindler», «Lo que el viento se llevó», «El señor de los anillos», «ET» y «Casablanca». También, la despedida final de Lara en «Doctor Zhivago». ¿Viste alguna de ellas? ¿Cuál es tu favorita?



Fotograma de la película «Casablanca» (1942) con la despedida de Rick e Ilsa

Toda despedida precede a una ausencia, muchas veces dolorosa

Ipse dixit

Estos labios que saben a despedida, a vinagre en las heridas, a pañuelo de estación

Joaquín Sabina (1949)

Así vivimos, en una continua despedida

Rainer Maria Rilke (1875-1926)

No hay beso que no sea principio

de despedida, ni siquiera el de llegada

George Bernard Shaw (1856-1950)

El dolor de la despedida no es nada comparado con la alegría de reunirse de nuevo

Charles Dickens (1812-1870)

Los sentimientos del hombre son

siempre los más puros y los más brillantes en las bienvenidas y en las despedidas

Jean Paul Richter (1763-1825)

No pocas veces ya he dicho adiós, conozco las horas desgarradoras de la despedida

Friedrich Nietzsche (1844-1900)